

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP de REBORDÁNS
NIVEL: 1º ED. PRIMARIA
MATERIA: PLÁSTICA
MESTRA: NEREA CASTRO ROA
DATA: 12 MAIO 2020

ÍNDICE

1.- Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e Competencias Clave.

2.- Avaliación e cualificación.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

4.- Información e publicidade.

PROGRAMACIÓN ED. PLÁSTICA (3º Trim.) 1º E.P.

CURSO 2019-20

1.- Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e Competencias Clave.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B1.1. Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.	EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	CCEC CSC
B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.	EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.	CCEC CSC
B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	CCEC CAA
	EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.	CCEC CCL CMCCT
	EP1.3.3. Identifica os tamaños.	CCEC CMC CT
	EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas.	CCEC
	EP1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.	CCEC CCLC MCCT
	EP1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.	CMC CT CCL
	EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas.	CCEC CMC CT
	EP1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña.	CCEC CMC CT
B1.4. Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas.	EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.	CCL CSIEE CCEC
B1.5. Identificar diferentes formas de representación do espazo.	EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo.	CCEC CAA CMCCT
	EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.	CCEC

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.	CCEC CSIEE
	EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.	CCEC CAA
	EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.	CCEC
B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.	CCEC CAA
	EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).	CCEC CSIEE
	EPB2.2.3. Realiza un mosaico, coa axuda da cuadrícula, identificando e recoñecendo os tamaños.	CCEC
B2.3. Respetar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos.	EPB2.3.1. Respetar as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.	CCEC CSC

2.- Avaliación e cualificación.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
AVALIACIÓN	Procedementos: Revisión das tarefas do alumnado, ou de imaxes das mesmas.
	Instrumentos: Listas de control e rúbricas.
CUALIFICACIÓN FINAL	Procedemento para obter a cualificación final de curso: Dado que é avaliación continua., conservarase a cualificación acadada no segundo trimestre tendo en conta a evolución dende o inicio de curso. O traballo realizado no 3º trimestre terá coma finalidade o repaso do 1º e 2º trimestre, e unicamente poderá mellorar a nota ou, de ser caso, recuperar a asignatura.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	
ACTIVIDADES	Proposta de actividades de repaso e reforzo. Fichas con exercicios, láminas creativas para a aplicación das técnicas aprendidas e manualidades realizadas con diferentes materiais e técnicas.
METODOLOXÍA (alumnado con e sen conectividade)	As actividades súbense á Aula Virtual do centro. A mestra proporciona un correo electrónico de contacto a onde o alumnado envía as tarefas, e dende onde a mestra contacta co alumnado para transmitirle as correccións. Para suplir os problemas de conectividade, as tarefas entregáronse ás familias en soporte impreso.
MATERIAIS E RECURSOS	Material funxible de ed. artística e de refugallo.

4.- Información e publicidade.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	Procedementos: Infórmase ás familias e ao alumnado a través da web do centro e do blog de Plástica. Contáctase con elas a través da aplicación Abalarmóbil, por correo electrónico e telefonicamente.
PUBLICIDADE	Instrumentos: A través da páxina web do centro e da aplicación Abalarmóbil.

MAIO 2020